



Excmo. Concello de Tui



# CAMPAMENTOS URBANOS E DEPORTIVO DE VERÁN TUI 2014 - CONDICIÓN XERAIS

A Concellería de Deportes do Concello de Tui realizará durante o mes de xullo e a primeira quincena de agosto os Campamentos Urbanos e Deportivos de Verán Tui 2014.

Estes campamentos van destinados aos nenos/as e mozos/as de Tui con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos (idades cumpridas antes do inicio do campamento). O desenrolo dos Campamentos Urbanos e Deportivos de Verán levaranse a cabo co fin de ofrecer unha alternativa lúdica - deportiva - educativa aos nenos/as do concello. Amais, co desenrolo destes campamentos, preténdese ofrecer unha alternativa aos pais e nais que traballan durante ese período, para que poidan conciliar deste xeito a vida familiar e laboral.

## CAMPAMENTOS URBANOS E DEPORTIVOS DE VERÁN – TUI 2014

A primeira quincena desenrolarase dende o día **1 ata o 15 de xullo**.

A segunda quincena desenrolarase dende o día **16 ata o 31 de xullo** (o día 25 será festivo).

A terceira quincena desenrolarase dende o día **1 ata o 14 de agosto**.

As actividades desenrolaranse no ximnasio e patio do CEIP N<sup>o</sup>2 de Tui, así como nos pavillóns deportivos municipais novo e vello de Tui.

O horario será de luns a venres de 09.00 a 14.00 horas.

Poderá establecerse, dependendo da empresa adjudicataria dos Campamentos Urbanos e Deportivos de Verán de Tui 2014, un AULA MATINAL cun horario de entrega dos nenos/as a partir das 08.00 horas e un AULA DE SOBREMESA cun horario de recollida ata as 15.00 horas, que deberá solicitarse na folla de solicitude. O lugar de entrega e recollida dos nenos/as será no patio do CEIP N<sup>o</sup>2 de Tui.

## INSCRICIÓN

As inscricións formalizaranse entregando toda a documentación na secretaría do Concello de Tui, dende o día **3 ata o día 11 de xuño**, de 09.00 a 14.00 horas.

A información do campamento e os documentos a entregar na inscrición poden descargarse na páxina web [www.concellotui.org](http://www.concellotui.org)

Para formalizar a inscrición cada participante deberá presentar a seguinte documentación:

1. Solicitude de inscrición asinada
2. Datos médicos do participante
3. 1 fotografía tamaño carné
4. Fotocopia do DNI do participante
5. Fotocopia do DNI do PAI /NAI / TITOR que asina a solicitude
6. Fotocopia da tarxeta sanitaria do participante
7. Certificado médico no caso necesario

Na folla de solicitude terase que marcar as quendas desexadas polos solicitantes.



Excmo. Concello de Tui



O día 12 de xuño publicarase, a partir das 12.00 horas, no taboleiro do Concello de Tui, o listado de inscristos por orden alfabético, e o día 13 de xuño, ás 12.00 horas, realizarase un sorteo público ante a Secretaria do Concello de Tui, no Salón de Plenos do Concello de Tui, para asignar as prazas por cada quenda do campamento.

O Concello reservará 20 prazas para a Concellería de Asuntos Sociais do Concello de Tui, entre os solicitantes das familias pertencentes ao RISGA.

Na asignación das prazas terán preferencia os empadroados en Tui.

Na segunda e terceira quenda terán preferencia aqueles nenos/as que non obtiveron praza nas quendas anteriores sobre os que si a obtiveron.

O día 14 de xuño, publicarase a lista de admitidos na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Tui. Cada participante terá ata o día 20 de xuño para realizar o pago da cota de inscrición, que pola ordenanza reguladora dos prezos dos campamentos urbanos é de 27,78€ + IVE (10% de IVE a día de aprobación das presentes bases) por quenda, o que faría un total de 30,56€ por quenda.

O participante admitido que o día 20 de xuño non fixera o ingreso, será dado de baixa e pasará a súa praza ao seguinte da lista de reservas.

As baixas formalizaranse por escrito e de forma xustificada no Concello de Tui. Se a baixa se produce antes do inicio do campamento devolverase o importe íntegro. No caso de que o campamento se iniciase, non se devolverá importe algún.

A realización da inscrición leva consigo o pleno coñecemento e aceptación das condicións establecidas neste prego informativo.

## **DURANTE O CAMPAMENTO URBANO**

Os nenos/as durante o campamento terán que levar o que queiran comer no almorzo de media mañá e deberán ir vestidos con roupa cómoda e bañador para os días de actividade na piscina ou no río.

Durante o desenrolo do campamento urbano, dentro dos horarios do mesmo, poderán poñerse en contacto co coordinador xeral nun teléfono que entregárase ao inicio do campamento.

Se a chegada e a saída a realizan os participantes sen compañía dun adulto, o se fano acompañadas por persoas autorizadas polos seu pai / nai / titor, o monitor encargado do subgrupo ao que pertenza o neno o nena deberá ser informado. Requiriranse autorización de recollida por escrito para estes casos.

A entidade responsable do programa resérvase o dereito a interromper xustificadamente a participación no campus a calquera neno/a matriculado, que altere o bo funcionamento e o transcurso normal do servizo, mediando sempre nestes casos un contacto previo co pai / nai / titor.